

ASUNTO: ACTA DO TRIBUNAL NOMEADO PARA LEVAR A CABO O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, POR CONCURSO DE MÉRITOS, DUN/HA OFICIAL/A DE SEGUNDA ELECTRICISTA DO CONCELLO DE SOBRADO (EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. D.A. 6ª E 8ª DA LEI 20/2021).

Sendo as 8:36 horas do martes 30 de abril de 2024, reúnese no salón de plenos do Concello de Sobrado, os membros do Tribunal de selección e cualificación que a continuación se relacionan, para levar a cabo a valoración dos méritos profesionais e dos méritos académicos ou formativos presentados polos aspirantes admitidos no proceso de selección para a cobertura da praza de Oficial/a de segunda electricista do Concello de Sobrado.

Presidente: Jesús Ramón Varela García, empregado público do Concello de Sobrado.

1º Vogal: Manuel Vázquez García, empregado público do Concello de Boimorto.

2º Vogal: Luís González Guerra, empregado público do Concello de Boimorto

3ª Vogal: Monica Remeseiro López, empregada pública Concello de Sobrado.

Secretaria: Guadalupe Vázquez Ascariz, empregada pública do Concello de Toques.

Unha vez incorporados á reunión do Tribunal, comeza a valoración de maneira individual dos méritos profesionais e de formación debidamente aportados polos aspirantes admitidos.

Unha vez rematada a valoración individual de todos os méritos profesionais e de formación, outórgase por unanimidade do Tribunal as seguintes cualificacións sobre un máximo de 100 puntos, tal e como establece a Base oitava do presente proceso de selección, sendo:

"A.I- Méritos profesionais no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente no Concello convocante, 0,60 puntos por mes completo, máximo 70 puntos.

A.II- Servizos profesionais no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas, 0,35 puntos por mes completo, máximo 70 puntos.

[..] Os méritos profesionais deberán acreditarse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública correspondente....

B.I- Formación convocada por Administracións Públicas ou homologadas, relacionada coas funcións a desenvolver ou de carácter transversal (cursos de linguaxe administrativa do idioma galego, os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros), 0,75 puntos por hora, máximo 30.

B.II- Titulación académica superior a requerida, 3 puntos "

CUALIFICACIÓNS

| Praza: Oficial de 2ª Electricista | | | | | | |
|-----------------------------------|-----------|----------------------|------|-----------|-------|------------------|
| Apelidos e nome | DNI | MÉRITOS PROFESIONAIS | | Formación | | Total Puntuación |
| | | A.I. | A.II | B.I. | B.II. | |
| Vázquez García Luís | ***3420** | 70 | - | 6 | - | 76 |

| | | | | | | |
|------------------|-----------|---|---|----|---|----|
| Ignacio | | | | | | |
| Viñas Mayo Rubén | ***9158** | - | - | 30 | - | 30 |

Á vista da puntuación total, e tendo en conta as bases, o Tribunal propón o nomeamento como persoal laboral fixo de: **Luis Ignacio Vázquez García, con DNI: ***3420**.**

Co resto dos candidatos tal como establece a base Décimo cuarta da convocatoria,

“ DÉCIMO CUARTA.- BOLSAS DE EMPREGO

As/os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, obteñan unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total).”

Dado que o candidato non proposto non superou a puntuación mínima do 50% da puntuación total, non se pode formar bolsa de emprego tal como establece a base 14ª da convocatoria.

Recordando as seguintes bases da convocatoria:

“DÉCIMO SEGUNDA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS

1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ó posto convocado.

2. Os aspirantes propostos disporán dun prazo de 20 días hábiles, contados dende a publicación da relación de aprobados, para presentar os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas dos mesmos:

a) Documento nacional de identidade.

b) Título académico esixido para o ingreso.

c) Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a do Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.

d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de

carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoal laboral fixo, pola alcaldía - presidencia, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a alcaldía - presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes. No caso de persoal laboral fixo procederase á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo indicado.

4. Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adxudicaranse pola alcaldía - presidencia tendo en conta as peticións das persoas interesadas."

Non habendo máis asuntos que tratar remata a reunión en Sobrado ás 9:02 horas, asinado electronicamente na marxe.

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, significándolle que dacordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente, que non pon fin á vía administrativa, pode interponer recurso de alzada, no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que o ditou (alcaldía).

Trancorridos tres meses dende a interposición do recurso sen que recaese resolución, poderase entender desestimado o recurso.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercitar outro recurso que estime procedente.

O presidente

Vogais

A secretaria